

ALVARO DE LAS CASAS

MANIFESTO DA UNION DE COLLEITEIROS  
DO RIBEIRO DO AVIA  
(U.C.R.A.)

Edita:

Asociación Álvaro das Casas

Maquetación:

Pío García Servicios Audiovisuais

Patrocinan:

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.  
Dirección Xeral de Política Lingüística  
Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.  
Dirección Xeral de Promoción Cultural  
Deputación Provincial de Ourense  
I.G.A.E.M.

**H**ai un ano, a asociación Álvaro das Casas empezou o seu percorrido polos camiños da cultura deste país, procurando fornecer de iniciativas e ideas os idílicos recantos das terras do Avia. Ó longo destas pequenas categorías do tempo transcorrido a asociación foi quen de dinamizar e dar volume e densidade ó acervo cultural desta comarca.

Con motivo da constitución e posterior presentación en público desta entidade cultural publicamos en facsímile o discurso de Álvaro das Casas “*Verbas aos mozos galegos*” que tivo lugar no paraninfo da universidade de Santiago de Compostela o nove de marzo de 1933. Pois ben, ó cabo dun ano desa publicación presentamos o Manifesto da UCRA, redactado en Ribadavia por Álvaro das Casas, en xaneiro de 1936. Hoxe, visto desde a perspectiva dos anos, ese escrito abráianos coa súa mensaxe e sorpréndenos polo momento en que foi redactado, deixándonos engaiolados na maxia desa pasmosa actualidade que segue tendo na panóptica da globalización. A globalización dos mercados, a mellora da calidade dos viños, o cooperativismo, a publicidade dos produtos,... son chanzos que cómpre poñer nesa escada pola que hai que rubir ó éxito. Álvaro das Casas, lúcido espectador da psicoloxía ribeirá, utilizou con destreza o seu rol de intelectual comprometido para chegar á sensibilidade dos seus paisanos. Fíxolles ver, convulsionando os fíos telúricos que tecen a natureza das persoas, a necesidade de sublimar

a súa autoestima modernizando as técnicas de produción e deseñando estratexias de consumo. Era unha mensaxe dirixida a persoas que vivían exclusivamente do traballo do viño e cuxas ilusións empezaban ó outro lado da desesperación, onde as xenerosas esperanzas adoitan facer o seu niño e os demagogos aproveitan para poñer trampas.

Converxendo no pensamento orteguiano segundo o cal as cousas, ó entraren no ámbito do pretérito, quedan despoixadas de toda adherencia utilitaria, empezando a vivir do seu vigor esencial, considero un relato de intelixencia para a socioloxía galega o manifesto da Unión de Colleiteiros do Ribeiro do Avia, redactado por Álvaro das Casas, de cuxa asociación era presidente. Neste manifesto concentrado nun heptálogo ideolóxico non falta un ton de esixencia implacable nin o recendo dun vedoiro que no horizonte da súa percepción procaz anticipaba refachos de realidades futuras.

A vehemencia do discurso deixa relocir o espírito crítico do autor, pero sabedor don Álvaro de que as eternas preguntas do ser humano sobre cómo mitigar os sufrimentos volverán resoar urxentes, procura lanzar unha operación de rescate moral e social para os silandeiros e sufridos ribeiráns. No Ribeiro a vida está acazapada, tremelicosamente agochada, e o autor deste manifesto reivindica con afouteza a dignidade dunhas persoas laboriosas e honradas, poñéndolle rostro á historia destas terras do Avia. É a forma de lles prestar un servizo ós seus paisanos e de lle ofrecer expectativas de esperanza a un surtido de formas de vida que eran confesión

manifesta de caducidade inevitable.

O rigoroso comentario sobre a contextualización do manifesto, realizado polo profesor D. Luís Domínguez, fainos comprender a oportuna publicación do texto e proporcionanos as claves das arelas redentoras de don Álvaro, quen loitou contra o terrible poder de inercia que levaba a contentarse a centos de colleiteiros co anaco de vida que lles era habitual. Grazas a el as novas xeracións do Ribeiro do Avia atópanse cunha envexada herdanza que as xeracións anteriores lle conquistaron ó tempo, podendo así vivir agora nun horizonte máis amplo e aberto, onde a existencia se revela socialmente digna e intelectualmente ateigada con luzadas de esperanza.

Esposende, 24 de abril de 2004.

Avelino Muleiro García.  
Presidente Asociación Álvaro das Casas.

OS VIÑEDOS DO RIBEIRO NO PRIMEIRO  
TERCIO DO SÉCULO XX

COMENTARIO HISTÓRICO-CRÍTICO

Luis Domínguez Castro  
Profesor titular de Historia Contemporánea  
da Universidade de Vigo.

**A**s primeiras décadas do pasado século foron determinantes para a sorte dos viños e das viñas ribeirás. Comezaba o século coa presenza dun invitado non previsto, un insecto de orixe americana, chamado filoxera, que, alimentándose das raíces das cepas, deu conta das vellas vitis europeas. Bueno, non de todas, algunhas foron arrincadas pola codicia dos homes. A necesidade de replantar as fincas con cepas de pés americanos trouxo moitos cambios á comarca.

En primeiro lugar, desapareceron os seculares sistemas de reprodución baseados no acodo, é dicir, deitar unha cepa vella ou unha vide dela, para que agromara unha nova pranta. A ceoa americana xeralizou o sistema de reprodución mediante barbado e inxerto que xa era coñecido no Ribeiro desde a crise do oidium.

En segundo lugar, as novas prantacións trouxeron novas paisaxes vitícolas coa forte presenza do aramiado das viñas nas fincas dos colleiteiros máis acomodados, un aramiado que precisa inzar de postes de granito os eidos. Por outra banda as novas prantacións supuxeron o paulatino final das parras que, segundo as testemuñas de

época e os datos do Catastro de Ensenada tiñan unha presenza moi significativa nas terras ribeirás, mesmo cubrindo os camiños e os carreiros públicos. Unha imaxe maxestuosa nos veráns que se perdeu para sempre.

En terceiro lugar, o fracaso dos poucos viveiros que se intentaron crear no Ribeiro obrigou a importar os barbados xa enxertados doutras terras, maioritariamente de Valdeorras, a través do ferrocarril. Na praza de San Francisco naceu unha feira pararela, o 10 e 25 de cada mes, onde se colocaban, máis preto da estación, os tratantes de barbados vendendo a súa mercadorías por cuarteróns e centos. Os barbados xa enxertados introduciron viníferas alóctonas de gran predicamento posterior, nomeadamente a Garnacha Tintorera, chamada Alicante, nas castes tintas, e o Jerez Palomino nas brancas. Todo en detrimento das viníferas autóctonas. Un desastre ecolóxico e productivo que xa denunciaba D. Alvaro no seu manifesto cando recomendaba “Millorade a calidade do noso viño canto sexa posible, replantando con castes nativas ‘ferrol e souson e caiño (longo e pazao)’ para as crases superiores”.

En cuarto lugar, as variedades tintas incrementaron a súa presenza a costa das brancas, as que deran secular sona ós noso caldos, tanto por

demanda do mercado, como por produción e oferta dos tratantes de barbados.

Outro invitado recente daqueles tempos foi o ferrocarril. As locomotoras triparon polo país desde 1881 e desde 1883 conectáronos co resto das Españas e da Europa. Foi un progreso evidente pero tamén trouxo algúns problemas. O máis acaído do caso foi o da competencia de viños casteláns que a orografía tiña afastado dos mercados galegos ata entón. A súa competencia moi logo veu acompañada pola adulteración para facer pasar por viños do Ribeiro, os que tiñan sona e mercado, caldos doutras procedencias ou mesturas daninas elaboradas por axiotistas sen escrúpulos. Todas estas malas prácticas condensáronse no calificativo de matute. A loita contra o matute adquiriu pulo baril á volta da segunda década do século XX. Mesmo chegou a forxar unha das festas cívicas máis importante do imaxinario popular. Aquela que conmemoraba, co nacer de cada ano, a xesta dos veciños de Beade, na mañanciña do 11 de xaneiro de 1913, cando guindaron os bocois dos carros que os levaban desde a estación a un almacén en Leiro e verteron o seu contido pola estrada, a conmoción foi grande, actuaron os civís, a xustiza e o Gobernador. Cando as augas amansaron todo quedou sobreseido, tantas as presuntas responsabilidades dos feitos como as promesas das autoridades, entre elas a de crearen

unha Estación Enolóxica no Ribeiro. No manifesto da Unión de Colleiteiros ecoan estes lameiros cando se laian dos baixos prezos do viño “po-los criminales artiluxios dos xá desgraciadamente clásicos matuteiros, a competencia de viños peores e máis baratos e o acarreo encuberto e cobarde de viños alleos a Galicia”.

O primeiro tercio do século XX viu verdecer en Galicia un rexo movemento societario e o Ribeiro non foi unha excepción. Cómpre lembrar que Ribadavia colleu a testemuña de Monforte e organizou a IV e V Asembleas Agrarias, en 1911 e 1912, asistindo ó fulgor e gloria de Basilio Álvarez e de Acción Gallega. As parroquias ribeirás inzáronse de sindicatos e sociedades agrarias, católicas, republicanas, liberais, mauristas, socialistas, anarquistas, nacionalistas...A loita pola terra co abolicionismo e o redencionismo foral, a loita contra o matute, e a defensa dos xornaleiros fronte ós abusos dos propietarios acomodados foron bandeira das súas reivindicacións. O variado panorama societario que vimos de describir no que conviviron xornaleiros e propietarios nas mesas organizacións, tamén se completou con organizacións só de propietarios como esta, pouco operativa, Unión de Colleiteiros do Ribeiro do Avia. Non obstante, o que ningunha delas logrou e poucas teimaron, foi controlar o proceso de comercialización do viño. Este mantívose nas

máns dos vellos arrieiros trasmutados en pipeiros e corredores que mudaron as bestas polo ferrocarril e o camión. Esa foi a gran asignatura pendente do agrarismo ribeirao que nin tan siquera formulou, solidamente, a opción do cooperativismo tan practicada noutros lugares de Galicia por aqueles anos.

Por último, a conxuntura republicana, como é sabido, foi moi negativa para os prezos agrarios no correlato da gran depresión económica mundial que estoupou co crash de Walt Street, no outono de 1929. Eso afectou a todos e encirrou as relacións sociais, como se poido comprobar na represión que seguiu ao Golpe de Estado de 1936. As apelacións á defensa da sona dos viños da terra e ó seu consumo, preludia un cambio nos gustos da demanda que se ía consolidar durante o franquismo cando a cervexa desprace ó viño como libación preferida nos ámbitos da sociabilidade popular. Pero esa é xa outra historia que contar.

**MANIFESTO DA UNION DE  
COLLEITEIROS DO RIBEIRO DO AVIA  
(U.C.R.A)**

**Pol-a Unión de Cosecheiros do Ribeiro de Avia.-Álvaro das  
Casas, presidente; Xesús Sánchez, Segretario.**



**O**tro ano máis, a desgracia cebouse encol de nós, sempre en proporcións igualmente graves e sempre oscilando entre dos extremos igualmente anguriosos para o colleitador; ou a colleita abundosa que desvaloriza os nosos famosos e mañíficos viños facéndoo baixar a precios de fame ou a colleita reducida, insinificante que non conquire soste- r precios satisfactorios, pol-os criminales artiluxios dos xa desgraciadamente clásicos matuteiros, a competencia de viños peores e máis baratos e o acarreo encuberto e cobarde de viños alleos a Galicia. A parte de outras medidas salvadoras, que, en reacción xustísima de defensa, iremos recomendando e imponendo no noso país, coidamos que é urxente hoxe máis que nunca comenza- r unha política constante, seguida sen acougo e sostida con fé e con entusiasmo cada vegada máis grande.

1º. Todos cantos vivimos no Ribeiro debemos convencernos desta grande verdade: do valor do viño depende todo o noso benestar. Cando o viño se vende a

precios capaces a compensar os nosos gastos, traballos e contribucións e o mínimo de ganancias a que o noso esforzo danos dereito, o abogado olla recompensados os seus traballos, ao médico se lle pagan os seus desvelos, o comerciante cobra puntualmente as súas vendas, o industrial ten tarefas remuneradas, o obreiro máis obra en que empregar os seus traballos, a terra aumenta de valor e todos, en fin, os que viven nesta comarca privilexiada gozan tanto e máis que o colleitador, dos tempos desafogados polas colleitas felices. De ahí que todos, o rico e o probe, o comerciante e o agricultor, o industrial e o letrado, todos, deben interesarse en defender os nosos viños e procurarlles mercadores e consumidores.

2°. Endexamais, amigos, menospreciedes o viño dos nosos veciños. A fama do Ribeiro non se debe a unha bodega nin siquiera a unha parroquia determinada, sinon a toda a nosa eispréndida conca do Avia, o teu viño; compañeiro, endexamais valerá máis porque ti digas que o resto das bodegas do lugar teñen viño malo ou peor que

o teu; o teu viño valerá máis, polo contrario, cando digas que tódol-os da túa parroquia son mañíficos; cando digas e sosteñas que o peor dos nosos viños é moito millor que o viño de calquera outra parte falando así, ademais, terás razón. Cada un de nós convírtase nun propagandista incansabel, non do seu viño nin da súa bodega, sinón de tódol-os viños e bodegas do Ribeiro.

3°. Tendo os viños, tostado e augardentes máis deliciosos do mundo, constituie para nós a maor vergoña que en terras do Ribeiro se beba nin unha botella de viño castelán, nin un vaso de vermut, nin unha copa de coñac. Consumide sempre o noso viño, o noso tostado e o noso augardente e elo ademáis de supoñer para todos nós utilidade e proveito e unha maor garantía de saúde, siñificarán sempre elegancia, economía e bon gusto.

4°. Por onde vaiades convertídevos en propagandistas incansabeles e fervorosos dos nosos viños. Gabádeos en canto valen e recramádeos sempre

na fonda que vos sirva de hospedaxe, no restorán a onde vaiades a xantar, na taberna onde vos vexades citados e no café de que sonde clientes e se pretenden enganarvos probade o voso orgullo de bons catadores e afeade a súa conducta, vituperade a súa deslealdade e non reparedes en desacreditalos que eles non repararon en desacreditarnos a nós. Pensade ao defender os prodoitos da nosa terra, que estades defendendo o pan dos nosos veciños, os intereses dos nosos amigos e a gloria e a fame do noso país.

5°. Esixide en todol-os cafés, por suntuosos i encopetados que sexan, viño, tostado e augardente do Ribeiro, estimulade o seu consumo. En todol-os cafés do mundo encóntranse codoitos semellantes, dos respetivos países. Somentes nas nosas probes cibdades galegas unha ola de nefasta cursilería ten conquirido desterrar os nosos prodoitos para impoñer no seu canto outros extranxeiros peores, máis caros, menos sáns e de consumo menos elegante.

6°. Cando teñamos que facer un regalo regalemos viño, tostado ou augardente do Ribeiro. O regalo será de millor gusto e moito máis económico e servirá de mañífica propaganda para todos.

7°. Millorade a calidade do noso viño canto sexa posibel, reprimando con castes nativas “ferrol e souson e caiño (longo e pazao) para as crases superiores.

Valencia é famosa pol-as súas laranxas, Asturias pol-a súa sidra; Andalucía pol-os seus aceites, Castela pol-o seu trigo, Cataluña pol-os seus tecidos. O Ribeiro é famoso polos seus viños dende fai máis de vinte séculos; eran gastados como os finos nas mesas dos emperadores románs e por todol-os confíns do Imperio os patricios e os xerarcas os percuraban cobizosos. A aristocracia ingresa bebíao embelesada no século XVII e os pagaba a precios elevadísimos e os vellos e máis famosos colleitadores de Francia os levaron avaros para dar fama e gloria ás súas bodegas que hoxe son as primeiras do mundo.

**Defendamos esta fama como a millor herencia, salvemos os nosos viños como o millor do noso patrimonio. O viño é para nós gloria e pan. Unámonos para a súa defensa e a victoria traeranos, outra vegada, o pan e a gloria.**

**Ribadavia, Xaneiro de 1936**

Este Opúsculo foi publicado pola Asociación Álvaro das Casas e distribuído o día 8 de maio de 2004, no acto de entrega dos premios BACELO de PRATA (deseño do pintor Antón Pulido) celebrado no Pazo dos Ulloa, en Esposende á “Cooperativa do Ribeiro” e a “Adega Viña de Martín” de D. Lois Anxo Rodríguez, polos méritos que lles recoñeceu o xurado formado por:  
D. Xosé Díaz Arias de Castro, D. Guillermo Campos,  
D. Miguel Anxo Fernández,  
D. Xosé Seoane, D. Manuel López Casas, D. Avelino Muleiro García,  
D. Xosé Carlos Sierra e D<sup>a</sup> Carmen Pérez Vaquero.

